

CASTELAO NO EISILIO EN NEW YORK

EMILIO GONZALEZ LOPEZ
Universidade de New York

Castelao chegou ós Estados Unidos, ó comenzo do vran de 1938, ca misión oficial do Goberno de D. Xoán Negrín, de facer propaganda en favor da causa republicán nas comunidades españolas, moitas delas galegas, espalladas, polos varios estados da Unión; e o principal ouxetivo disa propaganda era enviar fondos recaudados nos mitins e conferencias, a España para axudar a loita da República contra as forzas franquistas.

Pero, aparte dista misión oficial, traía outra mais calada que era un das principais labours que tiña en mente dende que a guerra civil o arredou da Terra: orgaizar onde queira que se atopase ós galegos espallados polo mundo, e a América, dende os Estados Unidos ate a Arxentina era o continente no que había mais comunidades galegas.

Ista segunda misión, menos pública, o levou, xa durante a guerra civil española, dende o momento en que chegou os Estados Unidos, cando o *Frente Popular Galego Antifeixista* era a sociedade republicán mais forte dos Estados Unidos e a que facía a mais eficiente propaganda en favor da República, a orgaizar, dentro e fora dela, unha sociedade galega, na que entrarían cantos galegos o quixeran, de New York e a súa zona metropolitán, con forte senio galeguista, que tivera dúas principais misións: mentras continuara a guerra civil, poñerse en contacto con Galicia e empurrar a resistencia na nosa Terra; y si se acababa a guerra civil, ca victoria das tropas franquistas, como comenzaba a preverse, continuará en contacto cas forzas da resistencia da Terra.

Para empurrar ista laboura, foi o Presidente da Unidade Galega Ramón Mosteiro a Barcelona, en Nadal de 1938, e se entrevista alí con Ernesto Pérez Güerra, mais tarde coñecido por Ernesto Dacal, quen, pola súa relación co *Servicio de Información Militar*, tiña unha certa esperencia nestas actividades, e voltou con él a New York, para polo o frente dista laboura, Mosteiro e Dacal chegaron a New York a mediados de xaneiro de 1939, cando a guerra, xa dentro de Cataluña estaba na súa agonía.

En marzal de 1939 entraron grandes masas de refuxiados en Francia que se sumaron ás que había xa dos frente do Norte, dende que se perdera Asturias, ante iste problema, as *Sociedades Hispanas Confederadas de New York* acordaron enviar dous delegados a Paris, un delegado o coruñés Xosé Castro para que fletaran un par de barcos que levaran o maior número de refuxiados a América española principalmente a Santo Domingo, onde, Trujillo, lles abreu portas, e a México. Me puxen en contacto co Castro a fin de marzal, cando cheguei a Paris de Suiza, a

onde fora un par de meses Segretario da Misión Española na Liga de Nacións e Cónsul Xeral de España en Xinebra, polo tempo en que tiña xa decidido migrar os Estados Unidos. Il me dou o enderezo do *Frente Popular Antifeixista Galego*.

Castro nomeou a Ramón Martínez López, que había sido oficial de Carabiñeiros, delegado das Sociedades Hispanas Confederadas en Perpiñán, que era a capital de todo un distrito no que había maor continxente de refuxiados republicáns españoles, entre eles moitos galegos, e estaban nos campos de concentración onde as autoridades francesas habían levado os soldados e oficiais dos reximentos republicáns, que entraron en Francia, cruzando os Pirineos.

O mesmo día que cheguei a New York, a mediados de abril, fun ó domicilio social do *Frente Popular Antifeixista Galego*, onde me atopei con Castelao e con Basilio Alvarez e outros eisiliados mais. Iles eran xa tamén eisiliados na terra que chegaron antes para facer propaganda republicán. Entre iles había dous madrileños: Xosé López Rey, fillo de galegos fundador connigo da FUE, que chegaría a ser un distinguido profesor de Historia do Arte español en New York University; e o sacerdote Leocadio Lobo, que viña colaborando no xornal republicán de New York *La Voz* do que era propietario o vigués Barbazán, importador de froita de España.

O primeiro problema que tivo que resolver Castelao, terminada a guerra civil, era o de súa residencia legal nos Estados Unidos, pois entrara en iste país cun pasaporte oficial do goberno republicán, e o goberno dos Estados Unidos xa reconecera o goberno do Xeral Franco, polo cal xa non era válido o pasaporte co que viñera.

Iste problema resolveuno D. Fernando de los Ríos Embaixador da República en Washington, cando deixou de selo por ser reconecido o goberno do xeral Franco, entregando o Ministerio de Estado unha longa lista na que figuraban, en primeiro lugar, todo-os empregados da Embaixada española republicán, dos consulados, nas varias cidades americáns en que funcionaban, e de cantas persoas había nos Estados Unidos chegados a iles con pasaporte oficial, como Castelao.

Cando chegou Castelao ós Estados Unidos tiña a misión oficial de participar na propaganda republicán para enviar diñeiro a España para axudar a loita militar da República. Mais tiña outra misión particular e privada, que era orgaizar ós galegos de toda América, comenzando polo norte, nos Estados Unidos, en sociedades de forte espírito galeguista. Con iste ouxeto fundou a *Unidade Galega*, en New York. Ista nova orgaización, formada dentro e fora do *Frente Popular*, debíase poñer en contacto ca Terra durante a guerra, estimulando a resistencia das forzas galegas contra a ocupación franquista.

O grupo de *Unidade Galega*, formado por galeguistas e algúns simpatizantes, sería o mais aitivo, dentro e fora do *Frente Popular*, e o que estaría en mais contacto con Castelao, como si fora o seu auténtico xefe; e o que faría, mais tarde, os traballos para, desparcido o *Frente Popular*, transforma-lo na *Casa de Galicia*.

Terminada a guerra, a propaganda para recaudar fondos para a loita da República contra as forzas franquistas e feixistas, converteuse noutra propaganda: a de recoller fondos para os refuxiados españoles, que se atopaban en Francia,

enviándollos a través de *Sociedades Hispanas Confederadas* ós diferentes comités de axuda a estes refuxiados que funcionaban en Francia.

Como Castelao iba perdendo a vista e tamén xa non andaba ben de saúde, non tomou parte nista propaganda xa no eisilio. Suárez Picallo e eu fixemos esta propaganda nos estados de New York, Massachusetts e Pensilvania.

No *Frente Popular* contaba Castelao ca colaboración dun grupo de socios que fundaran con il a *Unidade Galega*, a maor parte diles de Sada, sendo o mais destacado Emilio Flórez que sería un dos mais aítivos Presidentes da *Casa de Galicia da Unidade Galega*. Castelao lle comunicou o seu fervor galeguista; e tamén preparou para iles os estatutos da futura *Casa de Galicia* que co tempo tería que substituir ó *Frente Popular*. Non tiveron que esperar un tempo longo porque un incendio se encargou de destruír o edificio en que estaba domiciliado o *Frente Popular*, pero cando isto ocorreu xa non estaba Castelao en New York.

Durante a propaganda en favor da República, antes de que terminara a guerra civil, Castelao vivía no *Hotel Alamak*, que estaba en Broadway, na rúa 71, non moi lonxe do domicilio social do *Frente Popular*, na rua 6. Mais ó rematar a guerra se trasladou o que eiquí se chama un *boarding house*, na que se aluga un cuarto con cociña e baño, no que o cuarto serve de alcoba e sala. Eu, despois de vivir unhas semáns nun hotel, na rua 74, nos primeiros días da miña estancia en New York, me trasladei a outro *boarding house* perto de onde vivía Castelao, que estaba na rua 85, e eu me instalei na 84. Os dous *boarding houses* eran de galegos, que era un dos negocios que tiña a xente galega, principalmente de Ourense e Lugo. O dono da casa en que estaba Castelao, Guerreiro, era de Viveiro, e o da miña de Negreira, na Coruña.

Unha das grandes amarguras que sinteu Castelao o començar o eisilio foi o ver que moitas xentes que lle habían mostrado a súa amizade durante a campaña en favor da República, desapareceron, deixaron de visitalo, xa terminada ista. De todos iles a ausencia que mais sentía era a de María do Campo, de pais coruñeses, de Oleiros, que fora a súa mais constante compañeira, unha especie de segredaria, nos tempos da propaganda en favor da República, e fora tamén unha dama de compañía para Virxinia, pois iba con ela a todas partes.

Agora, terminada a guerra, María do Campo desapareceu totalmente non só do mundo de Caselao e a súa dona, senón tamén do *Frente Popular*, como si endexamais houbera eisistido. Non se vía nas festas, que aínda se celebraban para recaudar fondos para os refuxiados. Para Castelao foi unha fonda amargura ver que desapareceu, pois tanto il como a súa dona, lle tomaron unha gran querencia.

Eu non supen dela ata varios anos máis tarde. Xa Castelao se marchara a Bos Aires, no ano 1940. O ano seguinte, 1941, me trasladei eu a Panamá para arranxar a miña situación de emigrante nos Estados Unidos, xa que, por haber entrado cun pasaporte diplomático, non era un residente legal, senon un diplomático eisilado, por haber sido Segretario da Delegación española na Liga das Nacións e Consul Xeral de España en Xinebra.

En Panamá se hospedaba no meu hotel, Hotel Colón, outro profesor da *Universidade Nacional* na que eu ensinaba. Se chamaba Peevy e ensinaba Economía. Un día me dixó se coñecía a María do Campo; e lle dixen que sí. Entón me

informou de que María do Campo traballara con el, en New York, sendo a súa segredaria nunha oficina de *Servicios Especiales* que era a organización de información militar anterior a constitución da CIA. Traballara con el nos anos 1939 e 1940 ano iste derradeiro en que el se veu a Panamá. Daquela comprendín a desaparición de María do Campo; e entráronme moitas dúbidas de si xa tiña iste mesmo traballo durante a guerra civil española.

Castelao tiña unha estreita relación cos vascos dende España, que se afirmou ainda mais no seu exilio en New York, onde o Goberno vasco orgaizara unha delegación composta por Manu Sota e o seu sobriño Ramón, Antón Irala y Aramburu. Con eles tivo a miudo reunións Castelao dende a súa chegada a New York.

Nunha dista reunións, en novembro de 1938, Castelao -se di en *Crónicas Castelao y los vascos*, edit. *Idatz Ekintza*, S.A. 1986- le comentó a sus interlocutores vascos y catalanes, que, en New York, por hablar a los gallegos en términos nacionalistas había levantado recelos en ciertos sectores que consiguió desvanecer. Pero el

problema principal era el económico. Todo lo que se recaudaba iba a parar a las "Sociedades Hispanas Confederadas", salvo lo de los vascos. Castelao debía aguzar el ingenio ya que la situación legal de Galicia no era la de Euzkadi y Cataluña al no haberse aprobado el Estatuto de autonomía y no tener por tanto situación "legal" en la República. Por todo ello Castelao había hecho una organización secreta en favor de Galicia aunque aparentemente todo seguía como antes y en las manifestaciones públicas se colaboraba lentamente en favor de la República.

La organización de Castelao tenía además de la finalidad económica, otras misiones de diverso orden, según las circunstancias lo exigiesen.

Al día siguiente de aquel almuerzo salió Castelao para Cuba, mientras preparaba el siguiente viaje a la República Argentina donde pasaría una larga temporada.

Los comensales vascos y el representante catalán le indicaron la conveniencia de que todo este trabajo de organización se llevara en conocimiento y coordinación de las autoridades catalanas y del presidente vasco, José Antonio de Aguirre. Los vascos estaban haciendo lo mismo y le comentaron que si todas las autoridades representativas se ponían de acuerdo y cada una de ellas estaba bien informada de la situación de vascos, catalanes y gallegos en toda América, en el momento en el que hubiera que hablar en la península y también de actuar en favor de las reivindicaciones de los distintos pueblos, tendrían en sus manos el medio de ahogar en América toda manifestación franquista en sentido absorbente así como una fuerza de presión formidable.

Castelao se mostró completamente de acuerdo con lo expuesto porque él como nacionalista gallego conocía perfectamente el espíritu centralista absurdo de la mayoría de los republicanos aun estando en el exilio. Comentó a sus contertulios el desagrado que le produjo cuando estando en Valencia llegó la noticia de la caída de Bilbao y "allí en los organismos del Estado había en el fondo regocijo", por ver en la pérdida de Bilbao un fracaso de los Estatutos y del Gobierno vasco.

El dirigente galleguista prometió ponerles en contacto con todos los organismos que fuera creando durante su paso por los diferentes países. En Nueva York ya lo había hecho.

Todos consideraban que los gallegos por su gran número podían tener gran influencia en América. Castelao, por otra parte crecía en ascendente sobre ellos. Con el tiempo llegaría a ser el hombre de más influjo entre éstos. (1)

Privada Galicia de representación propia, que lle concedía o Estatuto, Castelao era moi conscente, de que a necesitaba, de que a debía ter, e con ista concencia falaba, se movía e autuaba como si fora o *guieiro* de Galicia e como tal era recoñecido polos xefes dos gobernos autónomos no eisilio, principalmente polo vasco que era co que tiña máis relación.

Terminada a guerra, Castelao -di a Crónica vasca- en abril de 1939 se reúne con Manu Sota, de la Delegación del Gobierno vasco. Llevaba éste una intensa actividad en los medios católicos americanos así como en cualquier círculo de la capital neoyorquina que pudiera contrarrestar la labor del franquismo. Ambos tenían sus diferencias con un tal Dalí porque éste había dejado al vasco sin la película "Guernika" y a Castelao sin una película gallega que le prestó.

Manu Sota quedó impresionado de aquella visita por la pérdida de la vista que aquejaba a Castelao. En aquellos momentos tenían los vascos una buena organización en el exilio y Castelao deseaba contar para Galicia con la misma estructura política que tenía el Gobierno vasco, en el exilio. En esos difíciles momentos el dirigente gallego le manifestó a Manu Sota su deseo de poner a los refugiados gallegos con los vascos. Desgraciadamente Galicia no había tenido en guerra un Estatuto en ejercicio y carecía de una estructura política sólida (2).

Castelao, que non tiña outros ingresos que o que recibía pola súa intervención na propaganda republicán, se atopaba ca urxente necesidade de ganarse a vida para sosterse íl e a súa dona en New York. Dous camiños se lle ofrecían: un o do arte, ser profesor de arte nalgún colexio ou universidade ou colaborar cos seus dibuxos nalgún xornal; e outro o de ensino de español, que fora o que seguimos a maor parte dos refuxados.

O do arte xa o intentara durante a guerra civil, dando a coñecer os seus dibuxos en certos lugares, e incluso facendo unha exposición das súas obras. Con iste motivo visitou un xornal, recomendado por un diputado demócrata Marco Antonio, diputado por Harlem, moi amigo da República, donde lle deron boas palabras, pero de alí non pasaron.

En realidade, os galegos de New York carecían de boas relacións no mundo do arte, e nono puideron axudar nil; e carecían tamén de relacións cos Colexios e Universidades para recomendalo.

As dificultades eran tamén moi grandes para que se adicara o ensino do español; en primeiro lugar a súa idade, pois pasaba dos 50 anos, non tiña boa saude e iste non era o seu campo. Para íl tiña que ser unha fonda amargura ver cos demais, como Dacal, López Rey eu mesmo e outros se iban empregando en Universidades.

A casi todos nós, nos axudou o profesor Federico de Onís, gran amigo da República, Xefe do Departamento de español da Universidade de Columbia. Onís estimaba a Castelao, a quen invitou a dar unha conferencia sobre Valle In-

(1) *Crónicas "Castelao y los vascos"*, edic. Idatz Ekinitza, S.A., 1986, 73.

(2) *Op. cit.*, 74.

clán na *Casa das Españas*, que estaba naquela universidade e dependía do Departamento de Lingua Española dela, pero d'alí non pasou. Non o invitou a dar crases, aínda que fora de conversación, como invitou a outras xentes españolas e hispanoamericanas.

Como todos os demais eisiliados, Castelao dou crases de español privadas, cacaías só unha. Non-a daba na súa casa senon que tiña que ir ádo estudante a facelo viaxe en metro, e como xa iba perdendo a vista, tiña que ir acompañado de Virxinia, e para il cada viaxe era un tormento polo metro.

A súa mala situación económica non lle impideu acudir en axuda de Basilio Alvarez, que estaba moi doente de arterioclerosis e sin ningún medio de subsistencia. O único entretenimento que tiña era xogar o dominó con Castelao e comigo e chorar si lle aforcaban o seis dobre.

No *Frente Popular* xurdeu a idea de visitar a D. Fernando de los Ríos, que tiña a disposición das sociedades españolas, 2.000 dólares, que quedaran sobran-tes ópecharse en Washington, a Embaixada da República, para que os destinara a soster o malado Basilio.

Fumos a visitar a D. Fernando, con iste gallo, Castelao, eu e Xoan Deuz, Presidente da Sociedade española benéfica, e Salvador Galán do *Frente Popular*, os dous de Sada, D. Fernando accedeu a nosa petición; e se formou un Comité, formado por os dous presidentes xa citados, encargado de atender a Basilio, que foi enviado, por ser millor o clima para íl, a Florida.

Como practicamente viviamos casi na mesma rua, eu era mais constante visitante de Castelao; e moitas noites dábamos longos paseos cas nosas donas por Broadway, que eran como si reanudáramos os que déramos durante a guerra polos camiños de San Cugat del Vallés en Cataluña.

As nosas donas iban xuntas a dous mercados do barrio: un italiano, na Outava Avenida, entre as ruas 38 e 41, e outros hispanos xa en Harlem. Nas tendas italiáns distes mercados, mercaban grelos, pois tanto Castelao como eu queríamos ter sempre caldo. Cando Castelao se foi para Bos Aires nos deixou con nosco a pota de caldo, que nós conservamos como lembranza dos primeiros momento do eisilio.

Por mediación de D. Federico de Onís, Castelao foi invitado a dar unhas conferencias en *Vassar College*, un colexio de señoritas que están no orela do Rio Hudson entre New York e Albany. Unha española, Margarita de Mayo, era xefe do Departamento de español dise Colexio; e con ela ensinaban unha profesora galega Sofia Novoa, de Vigo, e unha irmán de Salvador de Madariaga, Pilar Madariaga. Os días que pasou niste agradable colexio, cando a primavera, de 1940, facía mais atractivo o paisaxe, foron os millores que tivo Castelao nos Estados Unidos, aínda que nun comenzo tivo unha certa desilusión, pois cando recibeu a invitación do colexio coidou que era para nomealo profesor de arte ou de español.

Castelao iba perdendo as esperanzas de poder traballar nos Estados Unidos como profesor de arte ou de español ou de dibuxante; e ista desesperanza se agravaba o ver que os mais xóvenes se iban empregando. Nistos días, en que se marchaban as súas esperanzas, o seu maor consolo estaba no traballo. Trouxera con el de España tres obras de moi distinto caraiter: unha de dibuxo, *As cruces de*

pedra; e duas literarias *Sempre en Galicia* o seu ensayo socio-político-histórico, e unha obra teatral *Os vellos non deben namorarse*, na que fixo a súa primeira entrada no arte dramático.

Por istas tres obras estaba en correspondencia cos galegos de Bos Aires, principalmente co seu amigo Rodolfo Prada, o mais distinguido galeguista de Arxentina, que durante os anos en que viveu Castelao foi seu millor amigo e protector, e xa morto, o seu albacea e impulsor da publicación dos seus traballos, pois *As cruces de pedra* se editarían na capital do Plata e *Os vellos non deben namorarse* se representou tamén nela. Para esta obra dramática, dun forte senso expresionista, dibuxou Castelao una serie de máscaras de meirande interés.

Comenzaba o vran de 1940 cando Castelao se embarcou no Rio Hudson para Bos Aires. Había pasado dous anos nos Estados Unidos: pouco menos de un, de propagandista da causa da República española y de orgaizador de *Unidade galega* e pouco mais de un ano xa de eisiliado, tratando de buscar un modo de vivir neste país. Fumos a despedilo unhas seis persoas. Il debeu lembrarse de cando chegou en que había centos deles a recibilo. Conmigo estaban os directivos da Unidade Galega, sobre todo Emilio Flores, de Sada foi un dos grandes animadores da *Casa de Galicia da Unidade Galega* e varias veces Presidente dela.

Eu vino marchar con fonda tristura por perder un bon amigo e a súa compañía; mais ca ledicia de saber que aló, en Bos Aires o esperaban millores tempos e moitos mais amigos. En Bos Aires atoparía con colaboradores para fundar varias sociedades galegas e darlles a todas elas un forte espírito galeguista, as novas e as xa eisistentes. E tamén para orgaizar, ca colaboración doutros diputados galegos, alí residentes (Suárez Picallo, Antón Alonso Ríos e Elpidio Villaverde) o *Consello de Galicia*, que viña a ser unha especie de goberno galego no eisilio, que debeu de haber sido recoñecido como tal polo goberno español xa durante a guerra civil.

Castelao, que dende a presentación do *Estatuto Galego*, aprobado plebiscitariamente polo pobo galego, viña autugado como o verdadeiro e lexítimo guieiro de Galicia, en Madrid, en Valencia, en Barcelona e en New York, o se formare en Bos Aires o *Consello de Galicia*, se converteu no primeiro Presidente da Xunta de Galicia, no exilio e como tal foi recoñecido entón polos outros presidentes do País Vasco e de Cataluña, e tamén polo Goberno republicán co incorporou a íl como un dos seus membros no eisilio con residencia en Paris.